

Robots de muxido GEA en Lugo

Na Gandería Ferpar, no Incio, atópanse en pleno proceso de cambio. Con 110 de vacas en muxidura, instalaron o primeiro robot Monobox GEA o pasado mes de novembro e en tres meses poñerán en marcha o segundo. Un dos propietarios, Luis Fernández, cóntanos nesta entrevista como está sendo a experiencia.

LUIS FERNÁNDEZ

Explotación: Gandería Ferpar
Localización: Santalla de Bardaos (O Incio, Lugo)
Animais en total: 195
Vacas en produción: 110
Media de produción: 36 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,90 %
Porcentaxe de proteína: 3,40 %
RCS: 150.000 cél./ml



Luis Fernández e María Jesús Pardo, propietarios da Gandería Ferpar

Que sistema de muxido tiñan antes de instalar o robot?

Traballabamos nunha sala de espiña de peixe 2x5.

Por que se decidiron a cambiar da sala ao robot?

Decantámonos polo robot para poder alcanzar os tres muxidos e pola man de obra.

Cando o instalaron?

En novembro de 2018 e puxémonos a funcionar sobre o 5 de decembro.

Como planificaron o proceso de instalación do robot?

Botamos ao redor de sete días en adaptación ao penso e despois xa empezamos ao muxido. Os primeiros días foron difíciles, pero despois fómolo levando ben. Temos agora mesmo 110 animais en produción, pero estamos en plena fase de instalación dos robots. Temos xa en marcha o primeiro deles, que está muxindo 60 cabezas, e as restantes aínda as temos que muxir na sala, mentres que facemos as obras do segundo.

Como recordan o proceso de cambio?

Os primeiros días o tema da adaptación foi complicado. Valeu moito que as pasamos pola porta de preselección antes do adiestramento co penso, entón despois xa era unha cousa á que estaban acostumadas. As vacas entraron moi ben, quizais nos adaptamos peor nós. Fácil non é, pero ímolo levando.

Que diferenzas notaron?

O traballo é distinto e a produción aumentou. Estabamos cerca dos 32 ou 33 litros/vaca/día e estamos en 36 ou 37. Para falar de calidade de vida é moi pronto, só levamos dous meses, pero nun futuro esperemos que ben.

Por que elixiron GEA?

Eliximos GEA polos distribuidores, están cerca e coñecemos xa doutras máquinas que lles compramos.

Tamén nos decidimos por certas características do propio robot: a colocación manual, o foso que che permite un bo acceso ao ubre da vaca, a separación do leite por cuarteiróns e a sala de espera.

Teñen algún equipo máis GEA?

A sala antiga era tamén de GEA e co robot instalamos o tanque. Quédanos a incorporación do segundo robot.

En canto ao futuro, pensan en crecer?

Nun futuro non temos pensado crecer porque dispoñemos dos animais para un segundo robot e estancarámonos así. En dous ou tres meses contamos con que xa estea funcionando e eliminaremos a sala.



EN VÍDEO



Pola contra, na Gandería Tío Ramón, en Láncara, van cumprir dous anos de traballo co robot. Miguel López leva a granxa en solitario e a falta de man de obra foi o principal motivo para a súa instalación. Coñecemos de primeira man a súa valoración de todo o proceso.

MIGUEL LÓPEZ

Explotación: Gandería Tío Ramón
Localización: Armea de Arriba (Láncara, Lugo)
Animais en total: 117
Vacas en produción: 63
Media de produción: 38 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,79 %
Porcentaxe de proteína: 3,22 %
RCS: 160.000 cél./ml



Que sistema de muxido tiña antes de instalar o robot?

Antes o establo era trabado. Era unha explotación familiar, tiñamos unhas 35 vacas e o sistema de muxido era un circuíto.

No momento do cambio, por que se decidiu polo robot?

A decisión de instalar un robot veu derivada principalmente por motivos de man de obra. Eu xestiono o negocio só e sería moi complicado seguir así con 60 vacas. Pareceume a mellor idea para levar a explotación.

Cando o instalou?

Fará dous anos no vindeiro mes de agosto. En 2017, comezamos a traballar na nave nova e, en consecuencia, co robot.

Como recorda o proceso de cambio?

Foi duro tanto para os animais como para min. Ademais, non houbo unha adaptación con base no penso, fixemos entrada e muxido directamente, entón o proceso era moi complexo. Botamos moitas horas, moitos días e mesmo moitos meses.

Recordo que as vacas tiveron moitos problemas de patas, o muxido era totalmente diferente e houbo que estar aquí moitas horas. A súa adaptación foi difícil porque as vacas estaban trabadas, non se movían e, cando chegaron aquí, tiveron que empezar a andar e comezaron a mancarse. Intentamos facer uns corredores moi anchos para que tivesen máis liberdade, pero na nave era todo novo.

Que diferenzas notou co robot?

En canto a número de animais case foi obrigatorio aumentar as cabezas porque o robot alcanza un límite de 60 ou 65 vacas e creo que para sacarlle unha rendibilidade tiña que chegar a esa cifra.

En datos de produción, o cambio foi moi significativo porque viña dunha media de 29 ou 30 litros. O establo era de hai moitos anos, as vacas non estaban a gusto e confortables e non daban chegado a máis.

No inicio, a pesar dos problemas que pasamos, subiron xa rapidamente a 32 litros por día; logo, paulatinamente, chegamos aos 35 e, agora, estamos a redor dos 39. O índice máis alto lográmoslo haberá dous meses, que chegamos a 39,9.

A alimentación non a cambiamos moito. Realmente é todo moi parecido, só aumentamos bastante en quilos de penso porque comen a ración e máis no robot. Comen máis e tamén producen máis.

Respecto á xenética, eu funme adaptando ao que había. Entrei aquí con vacas con ubres moi complicados para o robot e agora intento buscar xenética que sexa rápida en fluxo e con maior perfección do ubre.

Aquí o cambio foi moi grande. Notouse moito para ben, pero, a longo prazo. Non se conseguiu en tres meses, botamos seis meses moi complicados. Cando a vaca fixo un parto aquí foi cando empezamos a notar máis diferenzas..

Por que elixiu GEA?

Principalmente polo distribuidor, porque el apostou por esta máquina e deille un voto de confianza. Ademais, vin que a máquina me permitía certas cousas que outras marcas non: a colocación manual, o poder separar o leite por cuarteiróns e o ter contacto coa vaca fisicamente. Ves a vaca, ves o ubre, se ten un problema. A min gustoume ese sistema, por iso me decidín por el.

Ten algún equipo máis GEA?

Si, o tanque GEA, o novo modelo ICool, que permite un arrefriamento máis progresivo xa que entran cantidades de leite máis pequenas.

En canto ao futuro, pensa en crecer?

Imos pouco a pouco, de momento non teño ningunha previsión para iso. O investimento é grande e é complicado.

Iso si, volvería a facelo porque a miña calidade de vida cambiou. Aínda que pasei eses meses mal, cambioume no aspecto da liberdade. Eu tiña uns horarios fixos, tiña que muxir mañá e tarde e agora teño outra flexibilidade. Non importa que veña a unha hora ou outra, vou ter unhas cantas vacas atrasadas, pero non hai máis.

Hoxe, por exemplo, había cinco atrasos. Deles, dúas son vacas que teño seleccionadas para muxido manual pola complicación dos ubres. Depende da situación delas, pero máis ou menos teño ese número de atrasos sempre.

Eu volvería a tomar esta decisión pola flexibilidade que me dá.